

Instrución: 18/2012

Data: 27 de novembro de 2012

Asunto: Tarxeta sanitaria ou documento de prestación da asistencia sanitaria "AA" e protocolo de acollida de pacientes diagnosticados de determinadas patoloxías, para favorecer a accesibilidade e o acompañamento no Servizo Galego de Saúde

Orixe: Xerencia do Servizo Galego de Saúde e Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

Ámbito: Xerencias das Institucións do Servizo Galego de Saúde e Xefaturas Territoriais.

O obxectivo da presente instrución é favorecer a accesibilidade a determinados servizos sanitarios dos pacientes diagnosticados daquelas patoloxías que o Servizo Galego de Saúde sinala, así como dos seus cuidadores.

Trátase de minimizar, no posible, as esperas nas consultas dos centros de saúde, consultas externas, servizos de urxencia e hospitalización, e permitir aos seus acompañantes ou cuidadores o acompañamento permanente durante a asistencia sanitaria, excepto se houbera algunha circunstancia clínica grave que o impedisese.

Para conseguilo, proporcionarase a estes pacientes unha tarxeta sanitaria ou documento de prestación da asistencia sanitaria cun distintivo específico "AA" (distintivo de acompañamento e accesibilidade) e un procedemento específico que é necesario comunicar aos centros sanitarios e ás unidades xestoras con responsabilidade neste proceso de atención.

Como consecuencia do anterior, estas direccións establecen as seguintes

INSTRUCCIÓNS

Primeira: Procedemento para a emisión da Tarxeta sanitaria ou documento de prestación da asistencia sanitaria "AA".

Documento de solicitude: os pacientes, representantes legais ou gardadores de feito do paciente diagnosticado das patoloxías nas que deba favorecerse a accesibilidade e o acompañamento poderán obter a solicitude para a nova tarxeta sanitaria ou documento de prestación da asistencia sanitaria nos centros de saúde.

Unha vez cuberta e asinada, entregarana xunto coa tarxeta sanitaria ou documento de prestación da asistencia sanitaria do paciente que veñen empregando.

O modelo de solicitude xúntase como anexo I á presente instrución.

A. Procedemento:

- Os Servizos administrativos dos centros de saúde comprobarán os datos e, se o paciente ten dereito á asistencia sanitaria pola súa condición de asegurado/beneficiario recoñecido pola Seguridade Social ou se recibe a prestación da asistencia sanitaria polo Servizo Galego de Saúde sen ter a citada condición, entregaránlle un documento provisional para seguir recibindo asistencia sanitaria e as prestacións farmacéuticas mentres non reciba o documento correspondente co distintivo "AA".

INSTRUCCIÓN 18/12

O procedemento anterior non é válido para as persoas que estean incluídas no coditipo 54_ "Non asegurados/beneficiarios INSS, pois deben regularizar a súa situación en relación á asistencia sanitaria en Galicia.

- Os Servizos administrativos darán traslado da solicitude ao médico que corresponda para que informe na mesma solicitude se o paciente está diagnosticado dunha patoloxía na que debe favorecerse a accesibilidade e o acompañamento (coa comprobación en IANUS ou mediante informes aportados polos pacientes diagnosticados noutros ámbitos asistenciais ou entidades sociais de diagnóstico) e valide a solicitude.
- A tarxeta sanitaria ou documento de prestación da asistencia sanitaria con solicitude validada serán enviados polos servizos administrativos mediante valixa ao Servizo de Tarxeta Sanitaria e Acreditación Persoal da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. No caso de que a tarxeta sanitaria ou documento de prestación da asistencia sanitaria non estea validada contactarase cos pacientes, representantes legais ou gardadores de feito para solicitar os datos complementarios necesarios para a súa validación.
- Este servizo procederá á estampación das letras "AA" no cuadrante superior-esquerdo do anverso das tarxetas, segundo figura no anexo II da presente instrución e devolveraaos aos centros de orixe.
- Os servizos administrativos dos centros de saúde comunicarán aos pacientes/representantes legais/gardadores de feito que poden recoller a tarxeta sanitaria ou documento de prestación da asistencia sanitaria nos centros de saúde correspondentes ou, se o prefiren, enviaráselles por correo.

Segunda: Protocolo de acollida

As unidades asistenciais que reciban pacientes diagnosticados destas patoloxías facilitarán o seu acompañamento permanente e daránlles unha consideración de accesibilidade preferente, tanto na atención urxente (dentro da súa prioridade clínica) como na atención programada, axustándose no posible ao horario de citación establecido, para minimizar a súa espera.

Respectando sempre a intimidade do paciente e a confidencialidade dos seus datos, activarase o protocolo AA (identificación do paciente, como beneficiario da accesibilidade preferente), e informarase aos demais pacientes que están agardando da necesidade de dar preferencia aos pacientes con tarxeta sanitaria ou documento de prestación da asistencia sanitaria AA por motivos médicos.

Mentres non se actualicen os sistemas de Xestión de pacientes (SIGAP, SIHGA) e IANUS, a identificación do paciente non poderá realizarse a través dos medios informáticos, senón que se levará a cabo no momento da recepción do paciente no centro e á vista da tarxeta sanitaria ou documento de prestación da asistencia sanitaria, no momento no que o persoal administrativo ou sanitario rexistrará a súa presenza e comunicarlle aos profesionais a súa chegada.

Terceira: Comunicación aos profesionais

Coa finalidade de informar á cidadanía e aos profesionais da existencia deste protocolo, daráselle publicidade nos centros de saúde, nos servizos de atención e información ao paciente e na páxina web da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Os profesionais participarán na transmisión do protocolo activado garantindo que as condicións de accesibilidade e acompañamento se manteñen ao longo de todo o proceso asistencial. Así mesmo, cómpre recordar a importancia de compartir a información clínica polos profesionais, en beneficio dos pacientes.

Cuarta: Declaración de patoloxías

Na actualidade encóntranse declaradas como patoloxías nas que debe favorecerse a accesibilidade e o acompañamento os trastornos xeneralizados do desenvolvemento de Espectro Autista e o Alzheimer.

O Servizo Galego de Saúde poderá no futuro incluír outras patoloxías, comunicando aos centros sanitarios e ás unidades xestoras con responsabilidade neste proceso de atención, a aplicación ás mesmas dos procedementos e protocolo regulados na presente instrución.

Quinta: Instrucións anteriores

A presente instrución deixa sen efecto a instrución 08/2011, do 22 de marzo, relativa á tarxeta sanitaria e protocolo de acollida de pacientes diagnosticados de trastornos xeneralizados do desenvolvemento Espectro Autista, e a instrución 013/2012, do 19 de setembro, relativa á tarxeta sanitaria e protocolo de acollida de pacientes diagnosticados de Alzheimer.

A xerente do Servizo Galego de Saúde



M^a Nieves Domínguez González

O director xeral de Innovación e Xestión da Saude Pública



Manuel Antonio Varela Rey

INSTRUCCIÓN 18/12

Anexo I - Documento de solicitude

MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA SOLICITUDE TARXETA SANITARIA OU DOCUMENTO DE PRESTACIÓN DA ASISTENCIA SANITARIA "AA"

INSTRUCCIÓN 18/12

Paciente/Pai/Nai/Representante legal/Gardador/a de feito (táchese o que non proceda),

Don/Dona.....

Con DNI/NIE/Pasaporte nº

Solicita a Tarxeta sanitaria ou documento de prestación da asistencia sanitaria "AA" de

Don/Dona.....

Con CIP.....

- ✓ No momento de entregar a solicitude identificarase co DNI, NIE, Pasaporte.
- ✓ Deberá acreditar a condición de pai/nai/representante legal co: Libro de Familia ou documento de incapacidade xudicial do representado onde conste o seu nomeamento.
- ✓ No caso de ser o/a gardador/a de feito declara que ten baixo a súa garda e coidado ao/á doente anteriormente citado/a pól as razóns que a continuación se expresan:.....
- ✓ Deberá entregar a tarxeta sanitaria do doente.

Sinatura

Data

A cubrir polo Servizo administrativo do centro de saúde de

O/A doente consta que ten Asistencia Sanitaria:

SI

NON

Sinatura e selo do centro

Data

O servizo administrativo do centro de saúde comprobará os datos e, se o paciente:

- ten dereito á asistencia sanitaria pola súa condición de asegurado/beneficiario recoñecido pola Seguridade Social, consultando a base de datos do Sistema Nacional de Saúde (SNS) ou
- se recibe a prestación da asistencia sanitaria polo Servizo Galego de Saúde sen ter a citada condición.

A cubrir polo facultativo do doente:

Dr/Dra

con CNP.....

informa que D/Dona.....


polo seu diagnóstico, é aconsellable que teña unha accesibilidade preferente e un acompañamento constante nas atencións sanitarias que precise.

Sinatura e selo

Data

Anexo II

Tarxeta "AA"



INSTRUCCIÓN 18/12